



BOLETÍN DO LECTOR

OUTUBRO 2013 - BOLETÍN TRIMESTRAL PARA GRANDES E PEQUENOS LECTORES



Coincidiendo coa celebración do Día Internacional das Bibliotecas Escolares volvemos publicar un novo número deste boletín. No contexto das actuacións do PLAN LÍA de bibliotecas escolares (*Lectura, Información e Aprendizaxe*), cada ano publícase un cartel divulgativo que pretende facer visible as distintas posibilidades da biblioteca escolar como apoio ao desenvolvemento do currículo e como instrumento fundamental para a formación das persoas lectoras.

O lema elixido para este curso 2013/2014, **LER CIENCIA NA BIBLIOTECA ESCOLAR**, trata de sensibilizar sobre a importancia da lectura de textos de carácter científico, de textos divulgativos ou de textos literarios que tratan temas relacionados coa ciencia. Todos estes contidos teñen cabida na biblioteca e enriquecen a bagaxe lectora do alumnado.

Este ano cúmprense 25 anos da publicación de *Matilda*, unha das novelas máis lidas de Roald Dahl. Aquí tedes un pequeno fragmento e na biblioteca poderedes atopar o libro para achegarvos a esta máxica historia.

MATILDA

Al cumplir los tres años, Matilda ya había aprendido a leer sola, valiéndose de los periódicos y revistas que había en su casa. A los cuatro, leía de corrido y empezó, de forma natural, a desear tener libros. El único libro que había en aquel ilustrado hogar era uno titulado *Cocina fácil*, que pertenecía a su madre. Una vez que lo hubo leído de cabo a rabo y se aprendió de memoria todas las recetas, decidió que quería algo más interesante.

-Papá -dijo-, ¿no podrías comprarme algún libro?

-¿Un libro? -preguntó él-. ¿Para qué quieres un maldito libro?

-Para leer, papá. (...)

Entre semana, Matilda se quedaba en casa sola casi todas las tardes. Su hermano, cinco años mayor que ella, iba a la escuela. Su padre iba a trabajar y su madre se marchaba a jugar al bingo a un pueblo situado a ocho millas de allí.


La señora Wormwood era una viciosa del bingo y jugaba cinco tardes a la semana. La tarde del día en que su padre se negó a comprarle un libro, Matilda salió sola y se dirigió a la biblioteca pública del pueblo. Al llegar, se presentó a la bibliotecaria, la señora Phelps. Le preguntó si podía sentarse un rato y leer un libro. La señora Phelps, algo sorprendida por la llegada de una niña tan pequeña sin que la acompañara ninguna persona mayor, le dio la bienvenida.

-¿Dónde están los libros infantiles, por favor? -preguntó Matilda.

-Están allí, en las baldas más bajas -dijo la señora Phelps-. ¿Quieres que te ayude a buscar uno bonito con muchos dibujos?

-No, gracias -dijo Matilda-. Creo que podré arreglármelas sola.

A partir de entonces, todas las tardes, en cuanto su madre se iba al bingo, Matilda se dirigía a la biblioteca. El trayecto le llevaba sólo diez minutos y le quedaban dos hermosas horas, sentada tranquilamente en un rincón acogedor, devorando libro tras libro. Cuando hubo leído todos los libros infantiles que había allí, comenzó a buscar alguna otra cosa.



Roald Dalh



MANUAL DE USUARIOS

A biblioteca é un lugar de aprendizaxe onde estamos en silencio sen molestar aos compañeiros.

Podes vir todos os días de 4 a 6 da tarde, agás os martes.

O pasaporte lector levaralo e traeralo sempre co libro. Cando non leves libro para casa, deberás deixalo na biblioteca.

Aquí lemos, buscamos información, ollamos novidades, pero **NON** comemos, falamos en voz alta ou xogamos.

Os libros etiquetados como **LECTURA EN SALA**, non se poden levar para a casa.

O recuncho de **NOVEDADES** é unha exposición temporal polo que podes ollar os libros na sala, pero non levalos para a casa.

QUEEN LER?

Unha familia lectora é a que proporciona modelos de achegamento á lectura, que escolle os libros, o cine, o teatro, a boa televisión,... para o tempo de lecer; que conta historias, escoita música, visita exposicións, librerías e bibliotecas.



CANDO LER?

Todos os días podemos atopar un momento para compartir lecturas. A noite é axeitada para os contos lidos e contados, para o misterio e a maxia. Pero, ao longo do día hai outros momentos e actividades que favorecen a lectura, como a visita a unha exposición, unha viaxe, un cine...(folletos, mapas, a carteleira,...)

QUE LER?



Achegarnos aos contos populares, adiviñas, coplas, lendas,... da tradición oral; libros de imaxes onde recoñecer obxectos e desenvolver a imaxinación; álbums de relatos e ilustracións; poemas e textos teatrais; libros informativos onde predomine a imaxe.

A QUEEN LER?

Son os máis achegados os que coñecen os gustos de aqueles a que lle lemos para converter este momento nunha oportunidade de compartir risas, pasar un chisco de medo, emocionarse, chorar cunha despedida, atopar un tesouro,....



COMO LER?

Hai mil maneiras: en alto, en baixo, con música de fondo, a luz do día, con lanterna, sós ou en compañía, sentados, de pé,... O importante é estar nun clima axeitado, a gusto, tranquilos,... para poder disfrutar.

ONDE LER?

Cadaquén ten o seu espazo preferido: o sillón, a cama, deitados na herba,.... Un lugar especial é a nosa biblioteca escolar ou as bibliotecas públicas onde disfrutar dos seus recunchos e dos moitos libros que alí podemos atopar.



POR QUE LER?

Coa lectura sabemos o que pasa no mundo, atopamos historias, descubrimos información, aprendemos vocabulario, compartimos ideas, favorecemos a imaxinación....

COMEMOS SAN, MEDRAMOS BEN

O proxecto documental sobre o que imos traballar este ano céntrase nos ALIMENTOS. Que comemos, como o facemos, alimentos saudables,... Na nosa biblioteca atoparás contos, historias e moitos libros nos que descubrir curiosidades sobre este tema. Anímate a consultarlos.

Na tradición popular hai moitos ditos, cantigas, retahílas e refráns que teñen relación cos alimentos. Cóntanos os que saibas e poderás acadar ata **3 bibliopuntos**.



IMAXE LITERARIA

A imaxe literaria deste boletín está relacionada co proxecto documental deste curso.

Esta é a obra dun famoso pintor italiano coñecido, sobre todo, polas súas representacións do rostro humano a partir de flores, froitas, plantas, animais ou obxectos. Pintaba estes obxectos colocados de tal xeito que todo o conxunto ten unha semellanza recoñecible co personaxe retratado.

Cóntanos de quen se trata e como se chama o cadro que che amosamos e conseguirás **3 bibliopuntos** para iniciar a túa conta deste curso.

O ALMORZO está considerado como unha das comidas máis importantes do día. Logo do reparador descanso da noite, precisamos aportar ao noso corpo os nutrientes necesarios para afrontar un longo día cheo de actividades: falar cos amigos, aprender novos coñecementos, buscar información, xogar, bailar, pensar,..... Cóntanos cal é o teu almuerzo saudable e engade un debuxo dos alimentos que o compoñen. Deixa a túa resposta no caixón de correos e acadarás **2 bibliopuntos**.



LIBROS

Infantil: *¿Qué es el amor?*. Davide Cal. Ed. Edelvives

1º Ciclo: *Una carta para Lily... ¡el unicornio!*. Christian Ponchon. Ed. Edelvives

2º Ciclo: *Chamizo*. Fina Casalderrey. Ed. Xerais

3º Ciclo: *Ao outro lado da esquina*. Antonio García Teijeiro. Ed. Bruño

ACONSELLAMOS

PELÍCULAS

Matilda

MÚSICA

Uxía. Rosalía pequenaña.
Ed. Galaxia

PÁXINAS WEB DE INTERESE PARA AS FAMILIAS

www.sol-e.com
www.bibliotecaescolardigital.es
www.edu.xunta.es/contidos

